

INDEFINIDOS

1. Hai un tipo de determinantes, como “cada”, “cadaquén” “menos”, “máis”, “demais”, “algo”, “calquera”, “ren” ou “nada”, “ninguén” que son palabras invariables e que teñen un significado impreciso relacionado coa cantidade ou coa identidade de alguén. **Identifica estes indefinidos invariables no xénero e no número:**

- Cadaquén sabe da súa vida.
- Estiveran menos animados que na festa anterior.
- Estiveran máis animados que na festa anterior.
- Uns estiveron na praia, outros foron de compras e os demais aproveitaron para descansar.
- Cando o sorprendeu estaba procurando algo nos petos.
- Calquera ten hoxe un bo coche.
- Non lles deron ren pola actuación.
- Non lles deron nada pola actuación

2. Completa os ocos cos indefinidos invariables que se sinalan no exercicio anterior:

- Quedara sen despois da traxedia.
- Era un....., non valía a pena nin falar con el.
- Os que teñades acabado podedes saír, os non.
- día que pasa, máis se parece a súa nai.
- Traía debaixo da chaqueta que nos intrigaba.
- Quedou sen despois da traxedia.

3. Na oración “Teño varios amigos estranxeiros”, a palabra “varios” é un indefinido que presenta variación no xénero unicamente, así como os casos dos indefinidos “ambos”, “ambas”, “entrambos” e “entrambas”. Estes indefinidos, xa que logo, nunca se van poder empregar en singular. **Completa cos indefinidos “ambos”, “varios” e “entrambos” en masculino ou feminino:**

- arranxaron a vella casa.
- os dous concursantes compartiron o premio.
- Estivo días de vacacións.
- Comprou revistas de automobilismo.

4. Na oración “Non soporto tales ideas”, o indefinido tales aparece en plural, pero tamén podería aparecer en singular (“Non soporto tal idea”). O mesmo sucede co indefinido “bastante” e “bastantes”. Hai moitos outros indefinidos que si que presentan variación de xénero e número: “un”, “algún”, “ningún”, “moito”, “pouco”, “todo”, “outro”, “certo”, “mesmo”, “abondo”, “propio”, “tanto” e “demasiado”. **Completa as seguintes oracións cos indefinidos que correspondan.**

- o mundo entendeu a mensaxe.
- protestaban polos exames e polas notas.
- Realizara ensaios nun día.
- Estivo falando do unha e outra vez.
- Eu sei dun rapaz que sempre te espera
- preferiron o avión e optaron polo tren.
- Trouxo mandado para min?
- Non trouxo mandado para min?
- solución debe ter ese asunto.
- Había comida para parar un tren.
- as rapazas se puxeron a xogar.
- Tivo que traer carpetas novas para facer a programación.
- Non ten solución de momento.
- vez estivemos en perigo.
- Eran as excusas de sempre.
- Cando xuntou cartos para a viaxe, comprou o billete.
- vez non cho perdoamos.
- Os delincuentes estaban protexidos pola policía.
- Advertiullo veces como puido.
- Foron excursións para este curso.

5. Os indefinidos “algún” e “outro” contraen coas preposicións “de” e “en”, como no exemplo “Quixera ser amigo dalgún veciño” ou “Estaba noutro lugar”. **Contrae estas formas:**

- Era (de outro) país distinto.
- Viñera (de outra) parte.
- Estaba pasando as vacacións (en algún) lugar do leste de Dinamarca.
- Viña(de algunha) estación da nosa cidade.
- Non pensaba (en outra) cousa.
- Tiña a cabeza (en outros) asuntos.

6. Ademais de todas estas formas, temos outras como: “cadaquén”, “quenquera”, “alguén”, “ninguén” e “ben”. **Nas seguintes frases, empregue estas formas.**

- É un don
- debe ter conta dos seus asuntos.
- Quero serna vida.
- A auga corre polo rego.
- xa sabe o que ten que facer.
-que sexa que me chame maña.
- ten que resolver os seus problemas